



Os desafíos desde as periferias na Igrexa¹

Koldobi Velasco Vázquez²

«Para que naza unha árbore no deserto
é necesario que nalgún lugar
exista un depósito de auga»

(Refrán africano)

1.- Principiando

Os espazos de encontro, de diálogo e de conversa son depósitos de auga para facérmolos preguntas e compartirmos algunha certeza. Tamén os desafíos persoais, comunitarios, sociais e eclesiais son para conversar. Di Anselm Grün en *El arte de hablar y de callar*³:

Unha conversa só nace cando estou disposta a construír comunidade coa outra persoa e coas outras coas que falo, cando quero ter comunicación con elas e participar das súas experiencias... A comunidade faise coa conversa... O diálogo ten éxito cando ten lugar unha fusión de horizontes.

1 Esta charla en audio pódese escoitar en <https://arquivo.org/details/koldobi-encrucillada-5-10-2024> gravada por Diego, da parroquia Cristo da Vitoria - Coia, Galiza.

2 Koldobi Velasco Vázquez é profesora asociada de Traballo Social da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria e aprendiz de pallasa. Ademais de investigadora social mantense moi activa en diferentes movementos sociais pola Xustiza e a Paz como Alternativa Antimilitarista MOC/ADNV da Internacional de resistentes á guerra.

3 GRÜN, A., *El arte de hablar y de callar. Por una nueva cultura del lenguaje*, Ed. Sal Terrae, 2015